



**Concello de Betanzos**

Praza de Galicia s/n, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: [www.betanzos.net](http://www.betanzos.net)

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: [correo@betanzos.net](mailto:correo@betanzos.net)

**DECRETO: CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DATA 24 DE SETEMBRO DE 2019.**

María Barral Varela, alcaldesa do Concello de Betanzos, no uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os distintos expedientes concluídos e as mocións presentadas para ser sometidos á consideración do Pleno da Corporación.

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Ao abeiro da atribución que lle concede á Alcaldía o artigo 21.1. da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** Convocar a todos/as os/as concelleiros/as que compoñen a Corporación Municipal á sesión plenaria Ordinaria que terá lugar no Salón de Plenos da Casa do Concello, o próximo martes 24 de setembro de 2019 ás 20:30h en primeira convocatoria, e unha hora despois en segunda convocatoria.

**SEGUNDO.** Establecer a seguinte **ORDE DO DÍA** para a devandita sesión:

1. Aprobación, se procede, do borrador das actas de data 10/07/2019, 30/07/2019 e da acta de data 29/08/2019.
2. Dar conta de decretos da Alcaldía.
3. Moción do BNG relativa á emerxencia climática e a mobilización do 27 de setembro polo clima.
4. Moción do Bng en defensa da liña ferroviaria A Coruña- Monforte-Ponferrada e das estacións de tren eliminadas.
5. Moción del PP para reclamar al gobierno de España la transferencia a las entidades locales de los recursos derivados de la participación en ingresos del Estado.
6. Solicitud do PP de creación dunha comisión /mesa de seguimento do servizo de axuda no fogar.
7. Rogos e preguntas

**TERCEIRO.** Que esta convocatoria se lle notifique en tempo e forma a todos os membros da Corporación, se publique no taboleiro de edictos e no portal de transparencia do Concello, e se dea conta desta na seguinte sesión plenaria ordinaria.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

A alcaldesa  
María Barral Varela

O Secretario en réxime de acumulación (Resol.DXAL de 03/09/2019)  
Adrián J. Márquez Caramés.